



ANUNCIO

Con data 19 de outubro 2017 o Sr. Alcalde-Presidente ditou resolución, que se transcribe:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma, de conformidade co disposto nos artigos 21. 2 e 23. 3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local , de 2 de abril; e art. 22 do R. D. Legislativo 781/1986, de 18 de abril e artigo 46 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, e aos efectos de nomeamento de Tenentes de Alcalde.

*Considerando que, segundo o establecido no art. 46.1 do citado RD 2568/1986, os Tenentes de Alcalde serán nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno local, e que o seu número non poderá exceder o número de membros deste órgano colexiado; vista a Resolución de Alcaldía desta mesma data pola que se nomean os concelleiros que pasarán a formar parte da Xunta de Goberno local, esta Alcaldía **RESOLVE:***

PRIMEIRO.- Nomear as seguintes tenencias de Alcaldía, cas funcións e competencias previstas nos artigos 47 e 48 do RD 2568/1986, do 28 de novembro e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo:

1º TENENTE DE ALCALDE: Antonio Castro Negro.

2º TENENTE DE ALCALDE: Milagros González Monteiro.

3º TENENTE DE ALCALDE: María Jesús Da Silva Fernández.

4º TENENTE DE ALCALDE: Eduardo Freiría Martínez.

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, así como proceder á publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no Taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma desta Resolución polo Alcalde.

TERCEIRO.- Dar conta desta Resolución ao Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

O que se publica para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.